

exercicio da fase de oposición de dous opositores, que quedan como segue:

<u>DNI</u>	<u>Apelidos e nome</u>	<u>Puntuación</u>
32786789J	Pardo Bovela, Juan Pablo	7,91
35556842S	Reboredo Otero, Mercedes	6,87

Segundo.-Desestimar na súa totalidade as restantes alegacións presentadas en relación coas puntuacións do segundo exercicio.

Terceiro.-Realizar os trámites oportunos para a publicación destes acordos no recinto da Feira Internacional de Silleda, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Cuarto.-Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, consonte o previsto no artigo 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2010.

Miguel Ángel Otero Soto
Presidente do tribunal

Resolución do 23 de febreiro de 2010, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (subgrupo C1), nomeado pola Orde do 17 de xullo de 2009, publicada no Diario Oficial de Galicia número 141, do 21 de xullo, pola que se lles dá publicidade a diversos acordos.

En sesión que tivo lugar o día 4 de febreiro de 2010, o tribunal nomeado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (subgrupo C1), convocado pola Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 18 de xullo de 2008, publicada no DOG nº 144, do 28 de xullo, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.-Modificar, baseándose nas alegacións presentadas, as puntuacións obtidas no segundo exercicio da fase de oposición de dous opositores, que quedan como segue:

<u>DNI</u>	<u>Apelidos e nome</u>	<u>Puntuación</u>
32839992V	Val Rego, Mónica	5,31
34980695H	Rodríguez Vivian, Francisco	6,87

Segundo.-Estimar parcialmente as alegacións presentadas por José Luis Taboada Fernández, con DNI 44817563Q, aínda que a súa puntuación non resultou modificada.

Terceiro.-Desestimar na súa totalidade as restantes alegacións presentadas en relación coas puntuacións do segundo exercicio.

Cuarto.-Realizar os trámites oportunos para a publicación destes acordos no recinto da Feira Internacional de Silleda, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Quinto.-Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, consonte o previsto no artigo 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2010.

Miguel Ángel Otero Soto
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Anuncio do 18 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de acordeón (594401), saxofón (594424) e trompeta (594428).

Primeiro.-Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades e substitucións para:

Corpo de profesores de música e artes escénicas:

<u>Especialidade</u>	<u>Titulación</u>
	Os títulos de profesor superior terán preferencia sobre os títulos de profesor do plan do ano 1966 aínda que o baremo sexa inferior.
Acordeón	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Saxofón	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.
Trompeta	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.

Segundo.-*Prazo de solicitude.*

O prazo para presentar a instancia de solicitude, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nos seus departamentos territoriais, será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-*Modelo de solicitude.*

O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais, e está á disposición tamén na páxina web da consellería, no enderezo <http://www.edu.xunta.es/profesorado> (ínterin-substitutos; convocatorias aperturas de listas).

Cuarto.-*Comisión baremadora.*

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes levaraa a cabo unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Poderá asistir ás reunións da comisión, con voz e sen voto, un representante por cada unha das organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria.

Quinto.-*Requisitos dos candidatos e candidatas.*

a) Estar en posesión da titulación que se sinala no punto primeiro deste anuncio.

b) Ter superado o curso Celga 4 de lingua galega ou validación equivalente.

c) Non obstante o anterior, poderán presentar solicitudes aquelas persoas que, posuíndo as titulacións sinaladas no punto primeiro, non posúan o curso de Celga 4 de lingua galega ou equivalente. Estes candidatos poderán ser seleccionados en defecto de candidatos que si o acrediten. Neste caso, de seren seleccionados, os candidatos deberán superar, no prazo máximo de dous anos desde que sexan nomeados, o curso de Celga 4 de lingua galega ou equivalente. A superación do devandito curso deberá ser comunicada á Subdirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sexto.-O baremo, de acordo coa addenda asinada cos sindicatos da mesa sectorial docente o 11 de xullo de 2006, será o publicado na fase de concurso do último concurso-oposición convocado no DOG.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Corrección de erros.-Orde do 10 de febreiro de 2010 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Advertido erro na dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 34, do 19 de febreiro de 2010, cómpre facer as seguintes rectificacións:

Na páxina 2.188, no anexo, onde di: corpo ou escala: «xeral» e tipo de adscrición: «A11» (adscrición indistinta a funcionarios/as da Xunta de Galicia, Estado e comunidades autónomas; debe dicir: corpo ou escala: «xeral/especial/docente»; e tipo de adscrición «A17» (adscrición indistinta a funcionarios/as da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. e persoal docente con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 4 de febreiro de 2010, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se dispón a notificación das resolucións de expedientes sancionadores por infraccións en materia de espectáculos públicos que se citan.

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, notifícanlles ás persoas que a seguir se relacionan, aos que non se lles puido facer por correo certificado, as resolucións ditadas nos expedientes de multa, por infraccións en materia de espectáculos públicos o seu número cítase no anexo.

Contra estas resolucións poderá interpoñer o interesado recurso de alzada, perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Advirtase que, de non ser interposto este en tempo e forma, deberá aboar a multa imposta no período de pagamento voluntario sinalado no boletín de multas e que pode recoller nas dependencias do departamento territorial da consellería, a favor do Tesouro da Facenda Galega, na conta restrinxida que consta no devandito boletín, en calquera das oficinas da entidade